

Agasallo.eu, unha porta para regalarnos en galego

Agasallo.eu é un web creado pola CTNL onde se recollen propostas para regalar en galego. Libros, música, audiovisual, xogos, produtos téxtiles e de alimentación son algunhas das categorías onde procurarmos ideas para escoller os nosos agasallos.

[14 de decembro de 2020]

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) creou en 2013 o portal Agasallo.eu (<https://agasallo.eu>) co obxectivo de **compilar e difundir agasallos en galego diversos e para todas as idades**. Este repositorio **non é unha tenda en liña**, senón unha mostra de produtos que podemos regalar, que están en galego e que encontraremos en tendas físicas ou na Rede.

Son ademais produtos de aquí, de proximidade, elaborados por **empresas e creadores galegos que apostan polo uso da nosa lingua**. Desta forma tamén queremos contribuír a apoiar o comercio local e as entidades e persoas que traballan en galego. Outro dos obxectivos da plataforma é **facer reflexionar as persoas consumidoras á hora de escolleren os seus regalos**, para que tamén a **lingua** en que están os produtos sexa un **factor de elección**. Por exemplo, se buscamos unha camiseta ou unha cunca para regalar, tamén podemos escollelas en galego deseñadas e elaboradas por empresas de aquí. Ademais, se nós como compradores e compradoras pedimos ou encargamos produtos en galego, axudaremos a que eses agasallos estean cada vez máis ao noso dispor nas tendas e áreas comerciais.

Para facilitar a **busca en Agasallo.eu**, os produtos están clasificados en nove categorías (Libros, Música, Audiovisual, Xogos, Tecnoloxía, Téxtil, Experiencias, Alimentación e Outros), que á súa vez se dividen en subcategorías tendo en conta a temática e a idade, co fin de favorecer a procura de regalos dirixidos ao público infantil e xuvenil (en libros, audiovisuais e música). A plataforma tamén conta cun buscador simple e outro avanzado que permite discriminar os produtos por prezo, idade e tipo de proposta.

Para a difusión de Agasallo.eu, a CTNL dispón de cadansúa conta en Facebook (<https://www.facebook.com/Agasallo.eu>) e Twitter (<https://twitter.com/AgasalloEu>),

onde se van anunciando as novas incorporacións ao repositorio, xa que se trata dunha plataforma aberta que se actualiza ao longo de todo o ano.

Evidentemente, Agasallo non é un repositorio que inclúa todo o que se fai en galego. É unha escolma e **unha porta que permitirá as persoas usuarias ir alén da propia plataforma** e encontrar nas webs das empresas participantes máis produtos que lles poidan interesar.

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (<https://ctnl.gal>) é unha asociación sen ánimo de lucro e de ámbito galego que ten como obxectivo xeral contribuír a mellorar o traballo de normalización lingüística en Galiza.

Máis información:

- Para máis información pódese contactar coa presidenta da CTNL, Anxos Sobriño, a través do teléfono 629 571 950 ou nos enderezos electrónicos presidencia@ctnl.gal e info@ctnl.gal
- Web: <https://agasallo.eu>
- Facebook: <https://www.facebook.com/Agasallo.eu>
- Twitter: <https://twitter.com/AgasalloEu>